

En cumprimento da normativa vixente, notifícolle que o EXCMO. SR. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo, ditou o DECRETO NÚMERO 13003259 DO 08/04/2013, o cal é do teor literal seguinte:

“A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de xullo de 2011 adoptou, entre outros, o acordo número 17/516, de aprobación de bases e convocatoria do proceso selectivo para a cobertura temporal dun **axente TIC** en base ó protocolo de adhesión á Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (Rede CeMIT) entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo.

Con data do 8 de xaneiro de 2013 o Concelleiro Delegado da área de Servizos Xerais, formula proposta relativa á contratación novamente dun Axente Tic, logo da sinatura da prórroga do protocolo de adhesión ó convenio e ata o 31 de decembro de 2013 nos termos e condicións recollidos no protocolo orixinario.

É así que sendo preciso convocar un novo proceso selectivo na categoría mencionada, e en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como do acordo nº 2/444 da Xunta de Goberno Local, do 27 de xuño do 2011, e do Decreto número 12010330, do 27 de novembro de 2012, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convoca-lo proceso selectivo para a cobertura temporal dun **axente TIC** en base ó protocolo de adhesión á Rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (Rede CeMIT) entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo, de acordo coas seguintes **BASES:**

“Visto o protocolo de adhesión a rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (Rede CeMIT) entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo onde na cláusula segunda se establece que o Concello contratará, segundo o perfil establecido, ao Axente TIC para o CeMIT a xornada completa.

Visto así mesmo que, según figura na proposta da Área de Servizos Xerais o protocolo de adhesión mantén a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2013, logo do acordo de prorrogar dito protocolo de Adhesión á Rede CeMIT do Concello de Lugo ata o 31 de decembro de 2013, nos termos e condicións recollidos no protocolo orixinario, prorrogable por períodos anuais previa valoración e verificación do cumprimento das obrigas e da dispoñibilidade orzamentaria existente.

Tendo en conta o establecido no Anexo II do protocolo sobre o perfil dos/das axentes TIC, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Persoal

MLP/mca

Refª: 13Ndr2bases AXTIC.doc

Asunto: PROPOSTA BASES E CONVOCATORIA AXENTE TIC

Aprobación de convocatoria e bases para a cobertura temporal dun Axente TIC, en base ó protocolo de adhesión á rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (REDE CeMIT) entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo.

1. Categoría: Axente TIC

2. Número de prazas: 1

3. Retribucións: As retribucións serán as equiparables a un grupo C1 do Concello de Lugo.

4. Duración do contrato: ata o 31 de decembro de 2013

5. Función do/da Axente TIC:

- Promoción do uso das TIC na poboación, en especial naqueles colectivos onde a fenda dixital se fai mais evidente, programando actividades e extratexias de dinamización adaptadas aos colectivos.
- Dinamizar as PEME e microPEMEs amosándolles as vantaxes da SI.
- Planificación, impartición, difusión e publicidade das actividades de formación e dinamización na zona de actuación: obradoiros, charlas, xornadas, iniciativas.
- Xestión da aula: atención a usuarios/as, mantemento do equipamento, xestión da documentación
- Coidar do cumprimento por parte dos usuarios/as das normas de funcionamento, acceso, horario e optimización do uso e ocupación dos recursos do centro.
- Aportación de datos de seguimento e avaliación das actividades
- Atención de forma personalizada aos usuarios/as, realizando o apoio e seguimento da súa aprendizaxe, para que vexan o aceso ás TICs como algo doado, ameno e que á vez lles resulte proveitoso na súa vida diaria.
- Seguimento e cumprimento dos obxectivos e procedementos da nova Rede CeMIT.
- Tratar de acadar que o CeMIT sexa un punto de referencia na vida sociocultural do Concello
- Estender o coñecemento e o uso pola cidadanía dos servizos públicos dixitais das Administracións Públicas Galegas.

6. Requisitos dos/das aspirantes:

De acordo co Anexo II do protocolo de adhesión á rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (REDE CeMIT) entre a

Xunta de Galicia e o Concello de Lugo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Titulación requirida: Formación profesional de grado superior.
- b) Idioma: Ter coñecemento da lingua galega que se acreditará co certificado Celga 4, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (curso de perfeccionamento de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007) así como títulos expedidos pola Escola Oficial de Idiomas.
- c) Experiencia profesional previa: O/a candidato/a polo menos debe cumprir un destes tres puntos:
 - Experiencia en centros similares ou noutros proxectos de implantación das TIC con impacto na cidadanía.
 - Desenvolvemento de proxectos de inclusión na sociedade da información.
 - Organización, xestión e impartición de actividades formativas, obradoiros e charlas, á cidadanía e colectivos de temática xeral e no uso das TICs en particular.
- d) Formación complementaria:
 - cursos acreditados en informática e dinamización social.
- e) Outros aspectos a valorar:
 - Acreditación de coñecemento e manexo de programas informáticos cun nivel de usuario medio.
 - Habilidades de comunicación, atención, capacidade e uso de técnicas de escoita activa.
- f) Posuir carnet de conducir tipo B e dispoñibilidade de coche.
- g) Capacidades ou aptitudes:
 - Persoa innovadora e creativa, con carácter emprendedor.
 - Con iniciativa persoal, responsable e resolutivo/a.
 - Minucioso/a, metodolóxico/a na forma de traballar.

7. Outros requisitos:

- a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Persoal

MLP/mca

Refª: 13Ndr2bases AXTIC.doc

Asunto: PROPOSTA BASES E CONVOCATORIA AXENTE TIC

- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

8. Ámbito de Publicidade:

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

9. Prazos e requisitos de forma na presentación de instancias: Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse o Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base sexta.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través da vía establecida no artigo 38 da Lei 30/92 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a. Fotocopia compulsada do DNI
- b. Fotocopia compulsada da titulación requerida e do certificado do Celga 4 ou equivalente debidamente homologado tal e como figura na base 6 (requisitos dos aspirantes).
- c. Documentación compulsada acreditativa do cumprimento da experiencia profesional previa (o/a candidato/a polo menos debe cumprir un dos tres puntos que figuran no punto C da base 6).
- d. Documentación compulsada acreditativa da formación complementaria e outros aspectos a valorar (puntos d) e e) da base 6).
- e. Fotocopia compulsada do carnet de conducir tipo B

d. Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función

10. Sistema de selección: Consistirá na valoración dos méritos alegados polos/las aspirantes de acordo co establecido na base 6, así como nunha entrevista de carácter persoal onde se valorarán as capacidades ou aptitudes dos/das aspirantes.

11. Comisión de valoración: A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: Dna. Marta López Peña: Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo.

Suplente: dona Carmen Mª Torre Abuín, Técnico Medio de Xestión do Concello de Lugo.

Vocais:

- Dna. Mª Ángeles Fernández Tella, representante do Comité de Empresa.

Suplente: Don José Gómez Fernández, representante do Comité de Empresa.

- Dona Isabel Villamor Cabado, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

Suplente: Don Norman J. Veiga Álvarez, Técnico Asesoramento Emprendedores do Concello de Lugo.

- Dona Mª José Carvallo Ruiz: Psicóloga do Concello de Lugo.

Suplente: dona Mª José Pena Lage, Orientadora laboral do Concello de Lugo.

Secretario: don José A. Carro Asorey, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: don José Chavarría Chao, Técnico Medio de Xestión do Concello de Lugo.

12. Incompatibilidades:

O/a aspirante que resulte seleccionado/a para cubrir a praza convocada quedará suxieto dende o momento da súa contratación ó réxime de incompatibilidades vixentes e non poderán simultanear o exercicio desta co de calquera outra praza, posto, emprego ou actividade remunerada, nos termos previstos na lexislación sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

13. Réxime de Recursos:

Estas Bases poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999."

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Persoal

MLP/mca

Refª: 13Ndr2bases AXTIC.doc

Asunto: PROPOSTA BASES E CONVOCATORIA AXENTE TIC

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de **un mes**, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.”

O que lle notifico para os oportunos efectos, rogándolle que asine a copia que se xunta, para constancia no expediente.

Lugo, 15 de abril de 2013
A Xefa do Servizo de Persoal

Marta López Peña

TABOLEIRO DE EDICTOS